



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

No término municipal de Ponteceso existen espazos naturais e lugares idóneos para poder executar instalacións de tempada destinadas a ofrecer servizos os veciños e turistas que nos visitan. Estas instalacións, sexan destinadas á venda de refrescos e hostalaría como a outros menesteres, quioscos de venda de xeados ou prensa, débense primeiramente inventariar en función dos posibles lugares de ubicación e destino das mesmas, compatibles co PXOM e demais lexislación de aplicación.

A Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Lei 33/2203, establece no seu artigo 86.2 a regulación legal do aproveitamento especial dos bens de dominio público, establecendo o réxime de autorización ou concesión en función da duración da mesma.

O artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais establece o réxime de outorgamento das licenzas do uso especial normal dos bens de dominio público. Por todo o anterior considérase axeitado primeiro dispoñer dun inventario de lugares aptos para ubicación de instalacións de tempada e segundo proceder en réxime de concorrencia pública o outorgamento de licenzas para estes establecementos.

Polo que, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

DISPOÑO

Primeiro.- Que polos servizos técnicos se realice un estudo das necesidades, en colaboración coa área de turismo, e se propoña a ubicación das instalacións.

Segundo.- Que pola secretaría, unha vez se dispoña do inventario de lugares de ubicación das intalacións de tempada, se realicen os informes precisos e necesarios para articular a concesión de licenzas de ocupación do dominio público coas instalacións de tempada, de forma que no vindeiro exercicio de 2021 se poida levar a cabo os procedementos de concesión en réxime de libre concorrencia.

Ponteceso, 31 de Agosto de 2020

O alcalde

Xosé Lois García Carballido.